

A NATACIÓN

Mergúllome nun mundo soberano,
onde a natación vólvese unha paixón.

Os meus brazos deslízanse,
partindo a auga con delicadeza,
as miñas pernas impúlsanme,
mentres o meu espírito desconecta.

Cada brazada é un pensamento negativo menos,
cada volta un desafío superado,
en cada respiración atopo alento,
e en cada adestramento, unha nova meta.

Síntome libre, lixeira, capaz de todo.
En cada adestramento, todo o cansazo,
desvanécese, dando paso á paixón.

A natación é o meu refuxio, o meu escape,
un instante de calma no medio do caos.

IES Muralla Romana

N.G.I